RESUMO

Distinción clásica de xéneros:

- LÍRICA (poesía)
- ÉPICA (narrativa)
- DRAMÁTICA (teatro)

O Xénero narrativo.

Formas breves.

A cousa:

- Autor: Castelao
- Interrelación equilibrada e funcional entre deseño e texto.
- Falta de artificiosidade, precisión, síntese. (= técnica dos deseños)
- Presenza de lirismo nalgunhas delas.
- Esforzo por ser verosimil e realista, con marcada presenza dun narador "testemuña".
- Tipos: narrativas, digresivas, descritivas, líricas...

O conto:

- Brevidade na súa extensión.
- O argumento é o centro da narración, ao que se subordinan escenarios, personaxes...
- Predominio temático, formal e expresivo da síntese e da condensación, suprímese o superfluo.
- Finalidade lúdica e/ou didáctica.
- **Conto popular**: anónimo e transmitido oralmente. Recollas de literatura popular oral, contos, lendas, cantigas ... no s. XX.
- Autores que cultivaron o conto, con raíz máis ou menos popular: Ánxel Fole, Rafael Dieste, Álvaro Cunqueiro, Xosé Neira Vilas, Eduardo Blanco Amor e outros moitos.

O relato curto:

- Comparte as características da novela pero é menor en extensión.
- Proliferan considerablemente nos últimos anos do século XX por:
    - normalización lingüística,
    - ensino de lingua e literatura galega,
    - premios literarios e aumento da empresa editorial,
    - intento de facer literatura para o gran público.
- Gran variedade temática coma na novela.
- Algúns autores: Xosé Luís Méndez Ferrín, Manuel Rivas, Suso de Toro, Xulio Valcárcel, Víctor Vaquero e moitísmos outros e outras.

Formas extensas:

A novela.

- Liberdade total de formas e contidos.
- O narrador non se identifica necesariamente co autor.
- Relata historias protagonizadas por personaxes.
- Diversidade de feitos e acontecementos.
- Recrea ambientes, épocas, lugares...
- Estrutura temporal complexa.

Clasificación temática da narrativa actual.

- Narrativa de evasión:
  - Policial ou novela negra. *Crime en Compostela.* Carlos G. Reigosa.
  - Novela do oeste: *Por unha presa de machacantes*. Isidoro Novo.
  - Ficción científica: *Galou Z28*. Lois Diéguez.
  - Novela sentimental: *Un ano e un día*. X. M. Martínez Oca.
  - De terror: *A neve e a cadeira*. Xosé Miranda.
  - Humorística: *As baleas de Eduardo Reinosa*. Afonso Álvarez Cáccamo.
  - Erótica: *Anel de mel*. Xulio Valcárcel.
  - De aventuras: *A expedición do Pacífico*. Marilar Aleixandre.
  - Narrativa artúrica: *Amor de Artur*. X. L. Méndez Ferrín.
- Narrativa realista:
  - Novela histórica: *O triángulo inscrito na circunferencia*. Víctor Freixanes.
  - A Guerra Civil: *Os mortos daquel verán*. Carlos Casarres.
  - Relato sociolóxico: *Amor de tango*. María Xosé Queizán.
- Narrativa infantil e xuvenil:
  - Autores e obras: Xabier P Docampo (*O misterio das badaladas*), Xoán Babarro (*Primeiro libro con Malola*), Paco Martín (*Das cousas de Ramón Lamote*), Fina Casalderrei (*Asústate, Merche!*), Santiago Jaureguizar (*Todo a cen*)

Elementos da narración.

1. **Argumento:** conxunto de acontecementos e situacións dunha historia.
   Tema: idea en torno á que xira todo o contido do texto.
2. **Estrutura**

– **Externa**: disposición tipográfica.
– **Interna**, formas:
  - Episódica. *Xente na Barreira*. Carvalho Calero.
  - Aberta. *Carta de S.* Gonzalo R. Mourullo.
  - Pechada. *O fidalgo.* Otero Pedrayo
  - Circular. Poema *Penélope*. Xosé Mª Díaz Castro.
  - Enmarcada. *O neno suicida.* Rafael Dieste.
  - Iterativa. *Con auga de sede vella*. Álvaro Cunqueiro.
  - Contrapunto. *Morrer en Laura*. X. L. Méndez Ferrín.
  - Paralelística. *Os vellos non deben de namorarse*. Castelao.
  - Espiral ou hipodiexética. *O tesouro*. Ánxel Fole.
  - Caleidoscópica. *Cousas.* Castelao.

3. Modalización ou punto de vista.
4. Espazo.
5. Tempo.

} **Ver documento "de1310101_2"**

6. Os personaxes:
- Principais (protagonista / antagonista) e secundarios.
- Reais / imaxinarios.
- Estáticos / dinámicos.
- Redondos / planos.

Modalidades do discurso.

1. **Narración**: caracteística lingüística: o verbo.
2. **Descrición**:
   - Obxectiva/subxectiva.
   - Topografía
   - Descrición de personaxes: prosopografía, etopea, retrato, autorretrato, caricatura.
   - Marcas lingüísticas: predominio da categoría nominal, construcións atributivas, adverbios e frases preposicionais, cohesión léxica.
3. **Diálogo**, **monólogo**.


ESTRUTURA NARRATIVA
converter a historia en discurso
MODALIZACIÓN
3ª PERSOA
tipos
AUTORIAL
NEUTRAL
SELECTIVA OU MULTISELECTIVA
NARR. OMNISCIENTE
expresado por
AUTOR IMPLÍCITO
VISIÓN DOS PERSONAXES
ESTILO INDIRECTO LIBRE
=
PSICONARRACIÓN
MONÓLOGO CITADO
MONÓLOGO INTERIOR
MONÓLOGO NARRADO
2ª PERSOA
TI, DESDOBRAMENTO DO EU
1ª PERSOA
EU, TESTEMUÑA
EU, PROTAGONISTA
LECTOR IMPLICITO
NARRATARIO
MODO DRAMÁTICO
DIALOGADO
MODO CINEMATOGRÁFICO
OBXECTIVIDADE
ESPAZO E TEMPO
TEMPO DE DISCURSO
TEMPO DA HISTORIA
sempre lineal
DURACIÓN
alterada
ESCENAS
RESUMO
ELIPSE
PAUSA
RALENTÍ
ORDE
alterada
ANALEPSE
EXTERNA
MIXTA
INTERNA
HETERODIEXÉTICA
HOMODIEXÉTICA
PROLEPSE
COMPLETIVA
REPETITIVA
SIMULTANEIDADE